EL PAIS (EDICION GALICIA)
Santiago
08/04/11
Prensa: Diaria
Tirada: 28.649 Ejemplares
Difusión: 20.761 Ejemplares
Página: 6
Sección: REGIONAL Valor: 2.503,00 € Área (cm2): 896,1 Ocupación: 94,82 % Documento: 1/1 Cód: 46131144

Nosoutras tamén facemos a lingua

Intelectuais galegas esixen maior presenza feminina na Real Academia

DIANA MANDIÁ / DANIEL SALGADO

O 4 de marzo de 1945, Francisca Herrera Garrido ingresou na Real Academia Galega. Trinta e nove anos despois da súa fundación, a institución admitía por primeira vez a unha muller. Herrera Garrido, autora da novela Néveda, ideoloxicamente reaccionaria, tratou a figura de Rosalía de Castro no seu discurso de ingreso. Escrito en castelán, o texto enumera os tópicos recorrentes na lectura da poeta durante os anos escuros: "Pasaste por la vida —vestal de tu religión poética—, recogiendo tu ropaje místico, el verso, en tus pálidos lábios y el amor en tu corazón: cruzaste la punzante espesura, ruiseñor impaciente, esparciendo el perfume de tu nombre por nuestra señorial, nobílisima Galicia". Catro décadas tardaría en entrar Olga Gallego, a que foi bibliotecaria da Academia até a súa morte, o catro de setembro do pasado ano.

"A resposta ideal é que as próximas vacantes sexan ocupadas por mulleres", expresou onte a profesora da Universidade de Santiago de Compostela, Dolores Vilavedra. Fíxoo na presentación do manifesto *O xogo das cadeiras* (reproducido embaixo), asinado por 52 escritoras e docentes e que reclama maior presenza feminina na Real Academia Galega. "É un mal síntoma que unha institución como a Academia siga mostrando reticencias á entrada de mulleres", engadiu a escritora María Reimóndez, que, canda a poeta Yolanda Castaño e a novelista Inma López Silva, participou na comunicación pública das súas reivindicacións.

Das catro cadeiras vacantes da Academia, dúas xa foron asignadas. Unha, ao sociolingüista Henrique Monteagudo, pendente de ler o discurso. A outra coñeceuse hai unha semana e foi dar ao filólogo Xosé Luís Regueira, que ocupará, precisamente, o lugar de Olga Gallego.

De esquerda a dereita, Yolanda Castaño, María Reimóndez, Dolores Vilavedra e Inma López Silva. / Ó. CORRAL

O plenario da institución votou á marxe da campaña social, apoiada polo Concello de Vigo, que promovía a candidatura da escritora e histórica feminista María Xosé Queizán. "O número de mulleres que hai neste momento na Academia non é unha minoría, é insignificante", considerou onte Reimóndez.

Dos 28 postos da rúa Taberna con propietario, catro pertencen á filologa Rosario Álvarez (entrou en 2003), ás poetas Luz Pozo Garza (1996) e Xohana Torres (2001) e á cineasta e escritora Margarita Ledo Andión (2009). Para cubrir as cadeiras baleiras, o plenario —órgano rector da Academia, composto de 30 membros numerarios— proclama a vacante. Na seguinte asemblea, preséntase as opcións, sempre respaldadas por un mínimo de tres académicos. Nunha terceira xuntanza, os 30 —arestora son 26 os activos— votan as candidaturas, pero só unha de cada vez.

"É constatábel que somos poucas mulleres e tamén é constatábel que as vacantes se están cubrindo con varóns", admite Ledo Andión. A tamén xornalista asegura que, ademais, hai un compromiso interno para que aumente a presenza feminina na Academia. "Este asunto foi debatido" di, "pero agora hai que solucionalo na práctica, ir alén da opinión". A algunha das dúas últimas prazas asignadas —as de Henrique Monteagudo e de Xosé Luís Regueira— tamén aspiraron candidaturas de mulleres, derrotadas en votación.

O presidente da Academia, Xosé Luís Méndez Ferrín, non fai comentarios sobre a situación. E a propia Margarita Ledo cifra as orixes do estado da cuestión na historia institucional. "As academias eran as reunións de *connaiseurs*", argúe, "e eses *connaiseurs* eran homes; hai razóns históricas e sociais que explican porque somos poucas mulleres".

Pero a escaseza de voces femininas na rúa Tabernas non é característica específica da Real Academia Galega. Na sección de filoloxía do Institut d'Estudis Catalans, fundado en 1907 e o homólogo da institución que en Galicia encabeza Ferrín, sentan seis mulleres —Teres Cabré, Maria Josep Cuenca, Aina Moll, Gemma Rigau, Mila Segarra e Mariámgela Vilallonga— dun total de 38 membros. E na academia vasca, a Euskaltzandia, nada en 1919, catro —Sagrario Aleman, Aurelia Arkotxa, Miren Azkarate e Ana Toledo— de 30. Tampouco a Real Academia Española, onde a súa última incorporación foi a filóloga Inés Fernández-Ordóñez, conta con maior representación de xénero feminino entre os seus 42 numerarios: Soledad Puértolas, Margarita Salas, Carmen Iglesias e Ana María Matute.

Outro académico galego, Xosé Luís Axeitos, fai cadrar a reivindicación de voces femininas na institución co movemento feminista en Occidente. "É preciso recoñecer a achega intelectual das mulleres e que adquiran maior visibilidade", opina. Axeitos, tamén secretario da Academia, non é partidario, con todo, do sistema de cotas e matiza, "aínda que non se trata dunha xustificación", que "a galega é a academia hispánica con maior representación feminina". Tamén lembra que antes da Guerra Civil había 16 académicas correspondentes e que a problemática é debatida no interior da institución.

Entrementres, o manifesto *O xogo das cadeiras* está aberto a recoller a sinatura de homes. E o PSdeG emitiu un comunicado de apoio á iniciativa, á que calquera se pode sumar no blog homónimo do texto.

> Ledo: "É constatábel que somos poucas e que están entrando máis varóns"

> Na galega hai maior proporción de mulleres que nas outras hispánicas

Manifesto pola entrada das mulleres na Real Academia Galega

O xogo das cadeiras

"As mulleres sostemos a metade do ceo. [...].
É hora de deixar de agardar".
Xohana Torres.
"Ver Xuntas, ver cada unha o que a outra non pode ver porque cada unha ocupa un lugar diferente, pero saber que nos xuntamos
nese cuarto para mirar o mesmo, para trenzar un espazo común".
Margarida Ledo
"dunha banda a muller
como axente
de importancia capital na transmisión da lingua tradicional [...], doutra a muller
como axente difusor do cambio".
Rosario Álvarez
"Imos de nai a nai pola liña da vida".
Luz Pozo

Catro mulleres, catro cadeiras, catro palabras. Demasiadas poucas para soster a metade do ceo, para trenzar un espazo común, para transmitir e cambiar a lingua, para ir de nai a nai pola liña da vida. As fortes voces das poetas, das narradoras, das lexicógrafas, dramaturgas, estudosas da literatura, transformadoras da linguaxe e polo tanto da vida en xeral quedan empequenecidas no absurdo xogo das cadeiras polo cal a Real Academia Galega nos reduce á insignificancia.

Dende a fundación da Real Academia Galega as mulleres levamos xogando sen cesar a aquel vello xogo infantil das cadeiras. Sempre somos nosoutras as que quedamos sen asento. Corremos máis ca ninguén, temos méritos, valores, as mans desgastadas de tecer redes, os lombos fartos de cargar con moito máis ca a metade do ceo cada día. E, malia a isto, seguimos quedando sen cadeira.

Resulta indigno mesmo ter que sequera argumentar o inxusto e innobre desta situación. Nestas alturas da nosa historia non abondan as cadeiras todas da Rúa Tabernas para dar acubillo ás mulleres de tantas xeracións que teñen méritos máis que sobrados para ocupar o seu posto. As nosas voces diversas deben de ser escoitadas, as nosas voces transformadoras e críticas, aló onde a lingua se decide, aló onde se debate a súa supervivencia que é tamén nosa. Non queremos ficar máis excluídas da historia, non queremos que as escritoras e estudosas do futuro teñan que buscarnos, como fixemos nós coas nosas devanceiras, entre o cascallo condescendente das palabras dos homes ou nos fondos máis escuros das bibliotecas. Queremos estar aí porque é de xustiza. Porque nosoutras tamén facemos a lingua, porque nosoutras tamén a labramos, a tecemos, a enguedellamos ás vidas do cotián, ás vidas do grandioso, ás vidas propias e alleas. Moitas das nosas mans, ademais, están curtidas en traballos pola igualdade moito máis amplos, en estratexias e alianzas que a Real Academia necesita para chegar á sociedade.

Señores académicos, non queremos seguir xogando ao xogo das cadeiras. É hora de deixar de agardar. Cadeiras para as mulleres XA.

Alba Nogueira, An Alfaya, Ana Romaní, Antía Otero, Ánxela Abalo, Ánxela Gracián, Ánxeles Cuña Bóveda, Aurora Marco, Begoña Caamaño, Camino Noia, Carme Adán Villamarín, Carme Vidal, Carmen Pérez Pais, Celia Torres, Concepción Burgo, Concha Varela Orol, Dolores Vilavedra, Encarna Otero Cepeda, Eva Moreda, Felicia Estévez Salazar, Fina Casalderrei, Helena González, Helena Miguélez Carballeira, Helena Villar Janeiro, Imma António Souto, Inma López Silva, Iolanda Muíños, Iolanda Veloso, Iolanda Zúñiga, Isaura Barciela Varela, Laura Caveiro, Mª Xesús Nogueira, Mª Xosé Agra, Marga Romero, María Canosa, María Reimóndez, María Yáñez Anllo, Mariam Mariño, Mariana Carballal, Marica Campo, Marisa Sobrino, Mercedes Queixas, Nanina Santos, Olga Castro, Olivia Rodríguez González, Pilar Sampil, Rexina R. Vega, Tareixa Navaza, Uxía Senlle, Yashmina Shawki, Yolanda Castaño